

Pontevedra, a 5 de xuño de 2025

Dunha parte, o Sr. D. JESUS VÁZQUEZ ALMUIÑA, en calidade de deputado delegado na área de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Pontevedra, con domicilio social en avda. Montero Rios s/n de Pontevedra, CIF nº P3600000H e c.c.c. 36/0007436/66.

Doutra DONA XISELA ARANDA NÚÑEZ, maior de idade.

As partes teñen e recoñécense a capacidade legal necesaria para subscribir o presente contrato de alta dirección e para o efecto

EXPOÑEN:


PRIMEIRO: No Boletín Oficial da Provincia nº 62, de data 01/04/2025, e mediante extracto no Diario Oficial de Galicia do 15/04/2025, publícase a convocatoria de provisión do posto de traballo, con rango de alto cargo, de director/a de Deportes mediante o sistema de libre designación. Dentro do prazo establecido presentáronse a través da sede electrónica da Deputación un total de once solicitudes, das que sete cumprían os requisitos esixidos para poder acceder ó posto convocado.



Examinada a documentación aportada polas persoas candidatas, en data 29/05/2025 o órgano técnico de valoración da idoneidade emite informe ao respecto, indicando que das sete persoas que cumpren os requisitos esixidos para acceder ao posto convocado, catro acreditan as condicións de idoneidade previstas nas bases da convocatoria.

En data 30/05/2025 a vicepresidenta con competencias delegadas en materia deportiva propón o nomeamento de D. DONA XISELA ARANDA NÚÑEZ en base ó seu currículo, formación académica e experiencia de exercicio profesional na realización de funcións de dirección, planificación e desenvolvemento estratéxico en materia deportiva, así como na presentación dun proxecto de dirección e xestión das actividades deportivas da Deputación de Pontevedra aliñado cos obxectivos institucionais da Corporación.

SEGUNDO.- A interesada aportou e consta no expediente a documentación acreditativa de cumprir todos os requisitos esixidos para esta contratación de alta dirección.



TERCEIRO.- O presente contrato de alta dirección celébrase ó abeiro do establecido no Real decreto 1382/1985, de 1 de agosto, artigo 32 bis da Lei de Bases de Réxime Local, introducido polo número 12 do artigo primeiro da Lei 27/2013, de 27 decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, artigo 33 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, artigo

13 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Regulamento orgánico da Deputación aprobado polo Pleno da Corporación Provincial celebrado o 26 de febreiro de 2021 (Boletín Oficial da Provincia nº50 de data 15/03/2021) e demais normas que sexan de aplicación.

Na súa consecuencia, acordan a formalización do presente contrato conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: DONA XISELA ARANDA NÚÑEZ, comprométese á obriga de exercer por conta e baixo a dependencia da Deputación Provincial de Pontevedra os cometidos propios de directora de Deportes, en atención aos principios de eficacia e boa fe, coa categoría profesional de licenciado/a.

SEGUNDA: O desempeño do cargo queda sometido á observancia dos seguintes principios, entre outros:

- a) Interese xeral: servirá con obxectividade ós intereses xerais.
- b) Integridade: actuará coa debida dilixencia e sen incorrer en risco de conflitos de intereses.
- c) Obxectividade: adoptará as súas decisións ó marxe de calquera factor que exprese posicións persoais, familiares, corporativas, ou calquera outra que poidan estar en colisión con este principio.
- d) Transparencia e responsabilidade: adoptará as súas decisións de xeito transparente e será responsable das consecuencias derivadas da súa adopción.
- e) Austeridade: xestionará os recursos públicos con eficiencia e racionalización do gasto.

TERCEIRA: DURACIÓN.- O presente contrato terá efectos dende o 6 de xuño de 2025. O cesamento neste posto directivo poderase producir por causas obxectivas vinculadas a unha avaliación negativa do desempeño, á perda da confianza, extinción do mandato corporativo, ou a graves e continuadas dificultades de integración no equipo directivo, apreciadas pola presidencia ou o/a deputado/a delegado/a provincial da que dependa directamente ou por quen lle substitúa de producirse un cambio na estrutura organizativa. De ser o caso seranlle de aplicación as regras específicas para a extinción deste tipo de contrato.

CUARTA: A directiva estará suxeito a avaliación periódica conforme aos criterios de eficacia e eficiencia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados con relación aos obxectivos que lle foran fixados. O resultado desta avaliación determinará:

- a) A continuidade no posto que desempeñe.
- b) A contía da parte variable da retribución.

QUINTA: PERIODO DE PROBA.- Determinase un período de proba de seis meses.

SEXTA: XORNADA E HORARIO.- A xornada de traballo será a establecida con carácter xeral no Centro de traballo, a tempo completo e con dedicación, debendo estar dispoñible sempre que as necesidades do servizo a requiran.

SÉTIMA: VACACIÓNS.- A duración das vacacións anuais será de vinte e dous días hábiles ou a parte proporcional que corresponda segundo o período do contrato. Así mesmo, terá dereito ós permisos contemplados na lexislación laboral vixente así como ao goce de nove días ó ano de libre disposición e sen xustificación, sempre e cando as necesidades do servizo o permitan.

OITAVA: RETRIBUCIÓNS.- A contía da retribución será de 68.583,71 € brutos anuais, distribuídas en catorce pagas. Esta remuneración axustarase anualmente ó que dispoña a RPT de persoal directivo.

NOVENA: Os gastos de viaxe, desprazamento ou axudas de custo que xere polo desenvolvemento das súas funcións serán aboados, previa xustificación por parte da interesada e de acordo co sinalado no Real decreto 462/2002, de 24 de maio de indemnizacións por razón do servizo.

DÉCIMA: Durante a vixencia do presente contrato, así como unha vez extinguido, a directiva non divulgará a calquera terceiro ou utilizará para o seu propio beneficio ou para calquera outra finalidade que non sexa en beneficio da Deputación de Pontevedra, calquera información confidencial recibida en virtude do desempeño da súa relación laboral ou coma consecuencia da mesma.

DÉCIMO PRIMEIRA: A directiva queda suxeita ao réxime disciplinario previsto para o persoal funcionario.

DÉCIMO SEGUNDA: A directiva estará sometida á normativa de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- En todo ó non previsto neste contrato estarase ao disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación e concretamente no Real decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a Relación Laboral de carácter especial do persoal de alta dirección e demais normas concordantes, estando excluído do V Acordo Regulador de persoal funcionario e do I Convenio Colectivo de persoal laboral.

Así o din e outorgan, no cal se afirman e ratifican, ~~asinando~~ o presente contrato, en proba de conformidade, no lugar e data ut supra.

O DEPUTADO,
Asdo.: *Jesús Vázquez Almuiña*



A TRABALLADORA,
Asdo.: *Xisela Aranda Núñez*

